

**CUESTIONARIO (Primeiro exercicio –Promoción interna-Grupo C)**  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

- 1) ¿Cantos títulos integran o Regulamento do Parlamento de Galicia?:
  - a) Catorce
  - b) Quince
  - c) Dezaseis
  
- 2) O Título XII do Regulamento do Parlamento de Galicia ten por rúbrica:
  - a) Procedementos lexislativos especiais
  - b) Das especialidades do procedemento lexislativo
  - c) Das especialidades do procedemento lexislativo ordinario
  
- 3) A Mesa do Parlamento de Galicia está composta por:
  - a) Un presidente, dous vicepresidentes e un secretario/a
  - b) Un presidente, un vicepresidente e un secretario/a
  - c) Un presidente, dous vicepresidentes, un secretario/a e un vicesecretario/a
  
- 4) Non forman parte dos órganos do Parlamento de Galicia:
  - a) o Pleno
  - b) as comisións
  - c) os partidos políticos
  
- 5) ¿Quen fixa as ordes do día das comisións?
  - a) O presidente do Parlamento

CUESTIONARIO (Primeiro exercicio-Primeira parte –Promoción interna-Grupo C)

- b) O presidente da Comisión
  - c) A Mesa da Comisión
- 6) As sesións das comisións xeralmente son:
- a) Públicas
  - b) Secretas
  - c) A porta pechada
- 7) Solicitar do Goberno do Estado a adopción de proxectos de lei e presentar ante o a Mesa do Congreso dos Deputados proposicións de lei, é unha función propia:
- a) do presidente da Xunta de Galicia
  - b) do presidente do Parlamento de Galicia
  - c) do Parlamento de Galicia
- 8) Segundo o Regulamento do Parlamento de Galicia, ¿a quen lle corresponde a iniciativa nas proposicións de lei?
- a) A un deputado/a coa sinatura doutros catro membros da Cámara
  - b) A un grupo parlamentario coa sinatura do seu portavoz
  - c) As dúas respostas son correctas
- 9) As proposición de lei que se vaian presentar ante a Mesa do Congreso dos Deputados deberán ser aprobadas:
- a) Por maioría simple
  - b) En derradeira votación, polo Pleno do Parlamento de Galicia, por maioría absoluta

CUESTIONARIO (Primeiro exercicio-Primeira parte –Promoción interna-Grupo C)

- c) Pola Mesa do Parlamento de Galicia
- 10) Para a designación dos deputados/as que teñan que defender as proposicións de lei no Congreso dos Deputados, cada deputado escribirá:
- a) Un nome na papeleta correspondente
  - b) Dous nomes na papeleta correspondente
  - c) Tres nomes na papeleta correspondente
- 11) De conformidade co artigo 36 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante LPACAP), os actos administrativos:
- a) produciranse sempre por escrito .
  - b) produciranse case sempre de forma verbal.
  - c) produciranse por escrito a través de medios electrónicos, salvo que a súa natureza exixa outra forma mais adecuada de expresión e constancia.
- 12) De conformidade co artigo 39 da Lei 39/2015 (LPACAP), a eficacia dun acto administrativo queda demorada:
- a) Cando esta supeditada á notificación, publicación ou aprobación superior.
  - b) Cando así o esixa o contido do acto.
  - c) As dúas respostas son correctas.
- 13) Cal é o obxecto da Lei 39/2015 (LPACAP), segundo o seu artigo 1?:

CUESTIONARIO (Primeiro exercicio-Primeira parte –Promoción interna-Grupo C)

- a) Regular os procedementos administrativos especiais de todas as administracións públicas.
  - b) Regular os requisitos de validez e eficacia dos actos administrativos.
  - c) Regular o procedemento tributario da Administración xeral do Estado
- 14) Segundo o disposto no artigo 54 da Lei 39/2015 (LPACAP), os procedementos:
- a) Poderán iniciarse de oficio
  - b) Poderán iniciarse a solicitude do interesado
  - c) Ambas son correctas
- 15) No capítulo II do título V da Lei 39/2015 (LPACAP) regúlanse tres clases de recursos administrativos:
- a) O recurso de reposición, o recurso de amparo e o recurso por unificación de doutrina.
  - b) O recurso de alzada, o recurso potestativo de reposición e o recurso extraordinario de revisión.
  - c) O recurso contencioso-administrativo, o recurso de revisión e o recurso de alzada
- 16) Segundo o disposto no artigo 30 da Lei 39/2015 (LPACAP), sempre que por lei ou no dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos se sinalen por días, enténdese que estes son:

CUESTIONARIO (Primeiro exercicio-Primeira parte –Promoción interna-Grupo C)

- a) Hábiles, e exclúense do cómputo só os domingos e os declarados festivos.
  - b) Hábiles, e exclúense do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos.
  - c) Naturais.
- 17) Segundo o disposto no artigo 30 da Lei 39/2015 (LPACAP), os prazos expresados por horas non poderán ter unha duración superior a:
- a) Corenta e oito horas.
  - b) Vinte e catro horas.
  - c) Doce horas.
- 18) Segundo o disposto no artigo 11 da Lei 39/2015 (LPACAP), con carácter xeral, para realizar calquera actuación prevista no procedemento administrativo:
- a) Requirirase aos interesados o uso obrigatorio de sinatura electrónica.
  - b) Requirirase aos interesados o uso obrigatorio de sinatura ou selo electrónico.
  - c) Será suficiente con que os interesados acrediten previamente a súa identidade a través de calquera dos medios de identificación previstos na devandita lei
- 19) O artigo 7 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, respecto ao informe sobre impacto de xénero na elaboración das leis, establece que:

CUESTIONARIO (Primeiro exercicio-Primeira parte –Promoción interna-Grupo C)

- a) Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade.
  - b) Se non se acompaña ou se se trata dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes.
  - c) Ambas respostas son correctas
- 20) Segundo o disposto no artigo 1 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a Xunta de Galicia tomará en consideración o traballo realizado pola Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, do Parlamento galego:
- a) Sempre que iso sexa posible.
  - b) Na elaboración de todos os programas e consignacións orzamentarias.
  - c) Na adopción e execución das políticas dirixidas á eliminación de todo tipo de discriminacións contra as mulleres.
- 21) Quen elixe ao presidente da Xunta de Galicia?
- a) Os cidadáns galegos directamente.
  - b) O Congreso dos Deputados a proposta do Parlamento de Galicia.
  - c) O Parlamento de Galicia entre os seus membros.
- 22) Que número de deputados é necesario para propor unha moción de censura?
- a) Dous terzos da Cámara.

CUESTIONARIO (Primeiro exercicio-Primeira parte –Promoción interna-Grupo C)

- b) Maioría absoluta da Cámara.
  - c) Quinta parte dos deputados da Cámara.
- 23) Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas a unha proposición non de lei:
- a) Ata 24 horas antes do comezo da sesión na que se deba de debater.
  - b) Ata 6 horas antes do comezo da sesión na que se deba de debater.
  - c) Ata 48 horas antes do comezo da sesión na que se deba de debater.
- 24) Nunha sesión ordinaria do Pleno, por regra xeral, dedicaranse:
- a) Dúas horas como tempo máximo a preguntas e interpelacións.
  - b) Catro horas como tempo mínimo a preguntas e interpelacións.
  - c) Dúas horas como tempo mínimo a preguntas e interpelacións.
- 25) Para comezar un debate débese informar e documentar cunha antelación mínima de:
- a) 24 horas.
  - b) 48 horas.
  - c) 48 horas salvo acordo da Mesa do Pleno ou da Comisión debidamente xustificada.
- 26) As comparecencias dos membros da Xunta para celebrar unha sesión informativa non se realizan:
- a) Por petición propia dos conselleiros.
  - b) A solicitude da Comisión correspondente.
  - c) Ante o Pleno.

CUESTIONARIO (Primeiro exercicio-Primeira parte –Promoción interna-Grupo C)

- 27) A Xunta de Galicia, ¿cando poderá ditar decretos-leis?:
- a) Por razóns de urxencia.
  - b) Cando o parlamento delegue competencias.
  - c) En ningún caso.
- 28) A efectos da entrada en vigor das leis de Galicia, esta será:
- a) A da súa publicación no BOE.
  - b) A da súa publicación no DOG.
  - c) Cando se aprobe polo Parlamento de Galicia.
- 29) O exercicio da potestade regulamentaria corresponde (sinala a incorrecta):
- a) Ao Goberno da Nación.
  - b) Aos órganos de goberno das Comunidades Autónomas
  - c) Ás asembleas parlamentarias do Goberno e das Comunidades Autónomas
- 30) O regulamentos e disposicións administrativas non poderán:
- a) Vulnerar a Constitución
  - b) Vulnerar as leis
  - c) Ámbalas dúas son correctas.
- 31) Que contido poderá comprender o contrato de concesión de obras?
- a) A adecuación, reforma e modernización da obra para adaptala ás características técnicas, estilísticas e funcionais requiridas para a óptima



CUESTIONARIO (Primeiro exercicio-Primeira parte –Promoción interna-Grupo C)

prestación dos servizos ou a realización das actividades económicas ás que serve de soporte material.

b) As actuacións urxentes de reposición e grande reparación que sexan exixibles en relación cos elementos que reunirá cada unha das obras para manterse apta a fin de que os servizos e actividades ós que aquelas serven poidan ser desenvoltas adecuadamente dacordo coas exixencias económicas e as demandas do progreso social.

c) O contrato de concesión de obras poderá tamén prever que o concesionario estea obrigado a proxectar, executar, conservar, repoñer e reparar aquelas obras que sexan accesorias o estean vinculadas coa principal e que sexan necesarias para que esta cumpra a finalidade determinante da súa construción e que permitan o seu mellor funcionamento e explotación, así como a efectuar as actuacións ambientais relacionadas coas mesmas que neles se prevean. No suposto de que as obras vinculadas ou accesorias poidan ser obxecto de explotación ou aproveitamento económico, estes corresponderán ó concesionario conxuntamente coa explotación da obra principal, na forma determinada polos pregos respectivos.

- 32) Que deberá implicar o dereito de explotación das obras segundo a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014?

CUESTIONARIO (Primeiro exercicio-Primeira parte –Promoción interna-Grupo C)

- a) deberá implicar a transferencia ó concesionario dun risco certo operacional na explotación de ditas obras abarcando o risco de demanda.
  - b) deberá implicar a transferencia ó concesionario dun risco operacional económico na explotación de ditas obras abarcando o risco de demanda ou o de oferta, ou ambos.
  - c) deberá implicar a transferencia ó concesionario dun risco operacional na explotación de ditas obras abarcando o risco de demanda ou o de subministro, ou ambos.
- 33) Serán, así mesmo causas de resolución do contrato, o incumprimento das restantes obrigacións esenciais sempre que estas últimas foran cualificadas como tales nos pregos ou no correspondente documento descritivo, cando concorran, cales dos requisitos seguintes segundo a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamentos xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014?
- a) Que as mesmas respecten os límites que o apartado 1 do artigo 34 establece para la liberdade de pactos.
  - b) Que figuren enumeradas de modo preciso, claro e inequívoca nos pregos ou no documento descritivo, sendo admisibles cláusulas de tipo xeral.
  - c) Ambas son certas segundo a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

CUESTIONARIO (Primeiro exercicio-Primeira parte –Promoción interna-Grupo C)

- 34) A resolución do contrato pola causa a que se refire a letra i) do artigo 211.1 so se acordará, con carácter xeral, a instancia dos representantes dos traballadores na empresa contratista; excepto cando os traballadores afectados polo impago de salarios sexan traballadores nos que procedera a subrogación de conformidade co artigo 130 e o importe dos salarios adebedados pola empresa contratista supere o 5 por cento do prezo de adxudicación do contrato, en cuxo caso, a resolución poderá ser acordada directamente por quen segundo a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014?
- a) polo responsable do contrato segundo a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
  - b) polo órgano de contratación de oficio.
  - c) segundo a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 polo xuíz.
- 35) Cales corresponden ó Gabinete da Presidencia das seguintes competencias?
- a) A preparación da documentación das sesións plenarias, sen prexuízo das competencias do Servizo de Asistencia Parlamentaria.
  - b) O control e a retribución de persoas invitadas ó Pleno.
  - c) A formación do banco de datos biométricos e documentais das actividades da Presidencia.

CUESTIONARIO (Primeiro exercicio-Primeira parte –Promoción interna-Grupo C)

- 36) Cales son competencias da letrada ou letrado oficial maior das seguintes?
- a) A xefatura da Administración parlamentaria, baixo a exclusiva dirección superior da Mesa.
  - b) A xefatura do persoal da Administración parlamentaria, sen prexuízo das competencias que corresponden ó gabinete.
  - c) O asesoramento xurídico e técnico á presidenta ou presidente, á Mesa do Parlamento, á Xunta de Portavoces e ós demais órganos parlamentarios da Cámara ós que asista.
- 37) Cales corresponden ó corpo administrativo do Parlamento de Galicia?
- a) o desempeño de funcións de tramitación administrativa, asesoramento e colaboración, preparatorias, complementarias e derivadas de funcións superiores.
  - b) a atención de secretarías, a asistencia administrativa, a realización de tarefas de taquigrafía, mecanografía, rexistro, arquivo, tratamento de textos e outras aplicacións informáticas
  - c) traballos de edición, maquetación e transcripción; e calquera outra semellante ou necesaria para o desenvolvemento das mesmas.
- 38) O persoal funcionario está obrigado a cal das seguintes?
- a) Gardar fidelidade á Coroa, á Constitución e ó Estatuto de autonomía de Galicia e respectar o ordenamento xurídico.

CUESTIONARIO (Primeiro exercicio-Primeira parte –Promoción interna-Grupo C)

- b) Exercer as súas tarefas, funcións e cargos con lealdade institucional e apoliticidade e servir con obxectividade ós intereses do Parlamento de Galicia e da súa administración.
  - c) Cumprir con dilixencia as instrucións profesionais recibidas por vía xerárquica.
- 39) O persoal funcionario de carreira cando pasará á situación de servicios especiais?
- a) Cando sexa autorizado para realizar unha misión por período superior a cinco meses en organismos internacionais, gobernos ou entidades públicas estranxeiras ou en programas de cooperación internacional o nos órganos constitucionais, parlamentos ou asembleas legislativas das comunidades autónomas.
  - b) Cando adquira a condición de persoal funcionario de carreira ó servizo de organizacións internacionais ou de carácter supraautonómico.
  - c) Cando sexa nomeado membro do Goberno ou dos órganos de goberno das comunidades autónomas, membros das institucións da Unión Europea ou das organizacións internacionais, ou sexa nomeado alto cargo das citadas organizacións públicas ou institucións.
- 40) Cal é certa sobre a Suspensión de funcións?
- a) A suspensión de funcións pode ter carácter provisional ou firme. O persoal funcionario declarado en tal situación non quedará privado

CUESTIONARIO (Primeiro exercicio-Primeira parte –Promoción interna-Grupo C)

temporalmente do exercicio das súas funcións e dos dereitos inherentes a súa condición.

b) A suspensión provisional poderá acordarse preventivamente, por un período non superior a cinco meses, durante a tramitación do procedemento penal ou expediente disciplinario, por posible comisión de faltas graves, que lle instrúa ó persoal funcionario a autoridade competente.

c) Durante o tempo de suspensión provisional o persoal funcionario percibirá as retribucións básicas que lle correspondan.

41) As retribucións do persoal funcionario deberán gardar entre si a seguinte relación de proporcionalidade:

a) Non poderá existir unha diferenza superior á proporción de 1 a 2 entre as retribucións básicas dos membros dos corpos que as teñan menores e maiores, respectivamente.

b) Non poderá existir unha diferenza superior á proporción de 1 a 3 entre as retribucións básicas dos membros dos corpos que as teñan menores e maiores, respectivamente.

c) Non poderá existir unha diferenza superior á proporción de 1 a 4 entre as retribucións básicas dos membros dos corpos que as teñan menores e maiores, respectivamente.

CUESTIONARIO (Primeiro exercicio-Primeira parte –Promoción interna-Grupo C)

- 42) O complemento de produtividade, destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou a iniciativa coa que se desempeña o traballo, requirirá para a súa asignación:
- a) ter acreditado pola unidade responsable e pola Intervención do Parlamento o desempeño dun número de horas extraordinarios que supere nun 10% o computo de horas ordinarias da xornada laboral.
  - b) ter acreditado pola Mesa do Parlamento o desempeño de horas extraordinarias fóra das horas ordinarias da xornada laboral.
  - c) a existencia de sistemas obxectivos que permitan avaliar o desempeño ou medir o rendemento.
- 43) As competencias de execución orzamentaria no referido á aprobación dos actos da autorización e disposición dos gastos, dentro do importe dos créditos autorizados no orzamento, correspóndelle á
- a) A Intervención do Parlamento de Galicia
  - b) Á Mesa do Parlamento.
  - c) A Presidencia do Parlamento.
- 44) O recoñecemento e a liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos do Parlamento de Galicia, correspóndenlle:
- a) A Intervención do Parlamento de Galicia
  - b) Á Mesa do Parlamento.
  - c) A Presidencia do Parlamento.
- 45) Se nun arquivo de Excel, saen dúas páxinas e querémolo imprimir todo nun folio, a opción máis óptima para facelo é:
- a) Fanse as columnas máis pequenas.
  - b) En Arquivo -> Configurar páxina pode controlarse isto.

CUESTIONARIO (Primeiro exercicio-Primeira parte –Promoción interna-Grupo C)

- c) En formato -> Formato Condicional pode controlarse isto.
- 46) Unha selección de Word pode arrastrarse...:
1. ...a outro documento de Word.
  2. ...a unha folla de Excel.
  3. ...a unha diapositiva de PowerPoint.
- a) Válida a opción 1 soamente.
- b) Válidas as opcións 1 e 2.
- c) Válidas as opcións 1, 2 e 3.
- 47) A función Regra do *word* non nos informa...:
- a) ...das tabulacións
- b) ...das marxes do documento.
- c)...do número de páxinas do documento.
- 48) Para enviar, mediante a conta de correo de Outlook, unha mensaxe a varias direccións empregaremos como separador entre esas direccións o signo....
- a) , - coma -.
- b) ; - punto e coma -.
- c) . – punto -.
- 49) Indique cal das seguintes afirmacións non é correcta respecto ós destinatarios dun correo electrónico en Outlook:
- a) No apartado "PARA" é obrigatorio e pode incluír máis dun destinatario.
- b) No apartado "CC" pode incluír máis dun destinatario e ademais listas de distribución.
- c) No apartado "CCO" no pode incluír listas de distribución.



CUESTIONARIO (Primeiro exercicio-Primeira parte –Promoción interna-Grupo C)

- 50) No campo “ASUNTO” dunha conta de correo electrónico úsase para inxerir:
- a) A dirección das persoas destinatarias.
  - b) Os arquivos adxuntos.
  - c) A temática da mensaxe.

**PREGUNTA DE RESERVA**

- 51) ¿Quen promulga as leis aprobadas polo Parlamento de Galicia?
- a) O Rei
  - b) O presidente do Parlamento
  - c) O presidente da Xunta de Galicia
- 52) Segundo o disposto no artigo 2 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a situación en que unha persoa sexa, fose ou puidese ser tratada por razón de sexo de maneira menos favorable que outra en situación comparable, denomínase:
- a) Discriminación directa
  - b) Discriminación indirecta
  - c) Discriminación positiva.
- 53) A quen lle corresponde propoñer un candidato a presidente da Xunta de Galicia?
- a) Á Mesa do Parlamento de Galicia.
  - b) Ao presidente do Parlamento de Galicia.
  - c) Á forza política que obtivera máis votos nas eleccións.
- 54) Segundo o artigo 14, sobre fases de execución do orzamento, do Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo, a xestión do orzamento de gastos realizarase nas seguintes fases:

**CUESTIONARIO (Primeiro exercicio-Primeira parte –Promoción interna-Grupo C)**

- a) Disposición ou compromiso, recoñecemento ou liquidación das obrigas, ordenación do pagamento, pagamento material.
  - b) Autorización, disposición ou compromiso, recoñecemento ou liquidación das obrigas, ordenación do pagamento.
  - c) Autorización, disposición ou compromiso, recoñecemento ou liquidación das obrigas, ordenación do pagamento, pagamento material.
- 55) Á Viceintervención correspóndelle o exercicio de cales das seguintes competencias?
- a) A substitución da interventora ou interventor xeral no caso de vacante, ausencia, enfermidade ou abstención transitoria.
  - b) O apoio á dirección no control externo da actividade económico-financeira do Parlamento.
  - c) A xestión da contabilidade financeira e presupostaría do Parlamento.